EsCULcA

Asemblea Xeral

O dia 28 do pasado mes de Maio, tivo lugar en Compostela a asemblea anual da nosa asociación e o xantar que xa é norma celebrar imediatamente a seguir.

Despois de ser exposto e aprovado o Relatório do Presidente, en que este deu conta das actividades realizadas durante o pasado ano (campañas, participación en foros galegos, integración en estruturas internacionais, etc.), e unha vez aprovado o estado de contas da asociación, o debate xirou en torno às liñas estratéxicas do futuro imediato. A asemblea ratificou a proposta da Xunta Directiva de celebrar o *II Encontro en Defensa dos Direitos e Liberdades* en Vigo os dias 2, 3 e 4 de Novembro, que versará sobre o Direito à Información e será o ponto de partida de unha campaña encamiñada a conseguir que os parlamentos galego e español aproven as medidas lexislativas necesárias para garantir o aceso da sociedade à información.

A asemblea acordou asi mesmo delegar na Xunta Directiva a responsabilidade de pór as bases para iniciar nun futuro próximo a edición de opúsculos monográficos sobre os diferentes direitos fundamentais.

Tamén foi aprovada a nova composición da Xunta Directiva que pasa a estar formada polas seguintes persoas: Fernando Martínez Randulfe (Presidente), Guillermo Presa Suárez (Vice-Presidente), Fernando Blanco Arce (vogal responsável da Comisión Penitenciária), Héctor López de Castro (vogal responsável da Comisión Xurídica), Celso López Pazos (vogal) e Elvira Souto Presedo (Secretária).

ACTOS DIA 26

Esculca prepara várias actividades para recordar o Dia Internacional contra a Tortura (26 de Xuño), entre elas dous importantes encontros artísticos que terán lugar en Compostela e en Vigo os dias 17-18-19 e o 26 de Xuño respectivamente. O primeiro

será organizado pola Sala Nasa e nel participarán algunhas das figuras mais relevantes do cabaré galego, entre elas Quico Cadaval, sobre quen recai a responsabilidade de conducir o espectáculo (mais información www.salanasa.com). O segundo, se as autoridades municipais non o impeden, celebrará-se na Praza da Constituición de Vigo e será público. Nel actuarán grupos musicais e de teatro ben coñecidos na cena galega. Xunto a eles estarán persoas relevantes na vida social da zona que intervirán a favor da erradicación da ignóbil prática da tortura. Xero Calero e Morris serán os encargados de conducir o acto.

ESCULCA NA AUDIÉNCIA NACIONAL

Transcrevemos a seguir o relatório elaborado por Guillermo Presa Suárez, Vice-Presidente de EsCULcA, sobre o xuízo celebrado na Audiéncia Nacional contra vários xovens vascos acusados de pertenceren a organizacións xuvenis supostamente relacionadas con grupos armados.

CRÓNICA DUN DIA NO XUÍZO A JARRAI-HAIKA-SEGI

O pasado luns 18 de Abril fun convidado a asistir como observador, na miña condición de membro de EsCULcA, *Observatório para Defensa dos Direitos e Liberdades*, ao xuízo que se celebrava na Sección Cuarta da Sala do Penal da Audiéncia Nacional contra membros de JARRAI-HAIKA-SEGI por pertenza a banda armada, nos Sumários acumulados nº 18/01 e 15/02, cuxa instrución fora realizada por Baltasar Garzón.

À miña chegada à Sala foron-me apresentados os observadores chegados de Cataluña e Arxentina e ofereceu-se-me a posibilidade de vestir toga e ocupar un lugar entre os advogados da defensa, convite que rexeitei por realmente me interesar non tanto o que acontecia na Sala, que nese dia se limitava às conclusions do Ministério Fiscal, canto o que se cociñava na orla do proceso, alén das cuestións xurídicas, polo que me sentei entre o público, perto do observador enviado polo Governo Vasco.

A Sala, chamada na xíria da Audéncia Nacional “blindada grande”, está composta de tres espazos diferenciados: o destinado ao público, de uns 20 metros cadrados, con bancos corridos e separado da sala de vistas por un vidro blindado que impede receber

directamente o son do xuízo -que chega unicamente cando conectan o servizo de megafonia-, e a sala de vistas que se divide por sua vez en dous espazos: un canto reducido onde se situan os imputados privados de liberdade, tamén isolado do resto das dependéncias por vidros blindados, e o resto da sala, onde se situan os imputados en liberdade provisória, os membros do Tribunal, as defensas e as acusacións.

O público que asistia à vista non era tan numeroso como noutras ocasións, talvez por o xuízo se prolongar desde havia case un mes, e estava formado por un multifário persoal, entremeado de familiares dos imputados (vestindo as mesmas camisolas vermelhas que eles, con lexendas en euskera), familiares de vítimas de ETA (tamén con camisolas, con a bandeira de España e slogans a favor da dispersión dos presos, o estatuto e a constituición), xornalistas, persoal de seguranza da Audiéncia Nacional, axentes dos servizos de intelixéncia camuflados e observadores.

Os familiares dos imputados, ocultando o seu drama interior (os presos, todos mui novos, levavan case catro anos!! en prisión preventiva), mostravan un talante animoso e antes do início das sesións, e en cada descanso, apiñavan-se diante do vidro blindado e, uns e outros, tratavan de se facer comprender con estraños xestos, o que dava comicidade a unha escena que semellava un diálogo de xordo-mudos que berravan. Tamén os imputados presos xesticulavan con os imputados libres da sala de vistas, con demonstracións de cariño e xestos de ánimo. Posteriormente falei con a nai de un deles, e con grande inteireza, contou-me as penosas viaxes que desde hai catro anos realizava para visitar o seu fillo.

Os familiares das vítimas eran os únicos que tiñan lugar reservado, no primeiro banco xusto frente aos imputados presos, con a clara intención de dificultar o contacto visual entre estes e os seus familiares do publico; eran maioritariamente mulleres e adoptavan una atitude grave. Abordei una delas, mais cando lle revelei o motivo da miña presenza ali rexeitou a conversa.

Tamén falei con dous dos imputados que estavan en liberdade por teren esgotado o prazo máximo legalmente posível de prisión preventiva, e surprendeu-me, pola miña experiéncia profisional con a población reclusa, no apreciar nengun sinal de estes catro

anos os teren afectado (a prisionización da personalidade é un fenómeno perfeitamente estudado polos psicólogos).

O Tribunal estava composto polo Presidente, que non interveu mais que para acordar os descansos que propuña o Ministério Fiscal; o Sr. Ferraz, home novo que permaneceu bastante atento durante toda a sesion, e o Sr. Ollero, designado ponente. Este último, protagonista dunha peculiar história de ida e volta à Sección Cuarta, que alguén teria que explicar, pois tendo sido sancionados os seus tres componentes con a perda do destino polo Consello Xeral do Poder Xudicial como consecuéncia da sua actuación na fuxida dun narcotraficante (outras versións apontan a que o motivo oculto foi a reiterada revocación de decisións inculpatórias do Instrutor Sr. Garzón, contrariando a sua tese de criminalización total do movimento abertzale), sanción que foi anulada posteriormente polo Tribunal Supremo, o Sr. Ollero foi o único dos tres sancionados que voltou ocupar o seu lugar. Por acaso, tamén era o único que discrepava do critério dos seus compañeiros e se mostrava de acordo con as teses do Instrutor.

A defensa estava composta por seis advogados, que traballavan nos seus computadores portáteis ou tomavan notas sen interviren en nengun momento. Entre eles e as acusacións havia un enorme e desordenado montón de caixas de cartón da mais diversa orixe (de bolachas, de maionese, de iogurte, etc.) que contiñan a volumosa documentación do proceso.

O Fiscal mostrava un grande domínio da situación, era elocuente e o seu discurso foi ordenado e ben medido, ao ponto de propor el as interrupcións cando observava o cansazo da Sala perante a sua longa perorata (falou mañá e tarde e continuava no dia seguinte), coñecia os truques do ofício e demonstrou grande habilidade para facer castelos no ar.

Debullou a coñecida tese de as organizacións xuvenis JARRAI, HAIKA e SEGI formaren parte dunha urdume organizativa deseñada por ETA xa en 1974, da que seguen as directrices, polo que os integrantes desas organizacións en realidade teñen unha dobre militanza oculta, e o simples feito de pertencer a una desas asociacións significa pertencer a ETA.

Recoñeceu o Fiscal ser posível compartillar os obxectivos de ETA sen que iso constitua delito, pois para delinquir é preciso un elemento obxectivo, como pertencer à banda ou proporcionar meios ou realizar actos que faciliten a luita armada, e sostivo que esa integración nas organizacións xuvenis constitui o elemento obxectivo esixido polo tipo penal; ainda que para poder chegar a esa conclusión solicitou do Tribunal que se afastase da xurisprudéncia clásica que propugna una interpretación limitada do conceito banda armada, para contribuir a superar o vello conceito de terrorismo, obsoleto no momento actual.

Observei grande fraqueza nos elementos que utilizava como indícios, como as declaracións non ratificadas prestadas en comisaria (non valoráveis segundo a xurisprudéncia por careceren da garantia da intervención xudiciail), os relatórios de "intelixéncia" elaborados pola Polícia (que, segundo a xurisprudéncia, ao igual que os atestados policiais, non son prova en si mesmos senón que as suas afirmacións deven ser provadas), os documentos intervidos, alguns de autoria non determinada, cuxa tradución do euskera foi cuestionada e a maior parte deles, segundo se me informou, non estavan na causa, pois foron desglosados para outros procedimentos. Tentou tamén tirar rendimento das testemuñas da defensa chegando mesmo a dar contido inculpatório ao feito de unha delas, membro de ETA, ter saudado os acusados.

Chamou-me a atención a decisión do Ministério Fiscal de retirar a acusación contra cinco xovens (algun dos cais pasou mais de un ano en prisión preventiva) por causa do escaso número de chamadas telefónicas que lles interviran -critério cuantitativo de escaso rigor xurídico, pois teria de ter sido valorado, se acaso, o contido desas gravacións.

Tamén me surprendeu que rebaixase para outros imputados a petición de 12 a 10 anos de prisión, o que poderia constituir modificación da cualificación do delito de pertenza a banda armada (6 a 12 anos de prisión, Art. 516 C.P.) ao de colaboración con banda armada (5 a 10 anos de prision, Art. 576 C.P.), e que renunciase à sua inicial petición de imputar as indenizacións por responsabilidade civil a Herri Batasuna. Cuestións estas duas que serian contraditórias con a tese de que "todo é ETA".

A acusación particular, surprendentemente dado o maximalismo que profesa, aderiu às modificacións do Fiscal e retirou a acusación que sustiña en solitário de xenocídio (!)
Dias despois, unha vez finalizado o xuízo, produciu-se unha surprendente decisión da sala: a posta en liberdade provisória de todos os acusados, ao que se opuxo, con un voto particular, o Sr. Ollero.

Os acusados presos non esgotaran o tempo máximo de prisión de catro anos, (ainda que poucos, a alguns faltavan vários meses para cumpri-lo) e, en princípio, a impresión era que o esgotarian como acontecera ao resto dos acusados, ou que irian sendo postos en liberdade a medida que cada un fose cumprindo o prazo.

Decisións como esta produciron-se noutras ocasións cando un Tribunal, unha vez celebrado o xuízo, chega a un inicial convencimento de absolvición, polo que non debe prolongar a situación de perda de liberdade nesas condicións, por imperativo constitucional, ainda que fique pendente a deliberación sobre o fallo e, sobretodo, a redacción e razoamento da sentenza.

Pode isto apontar a unha posível absolvición de todos os acusados?

NOTA: Este e outros Relatórios da Comisión Internacional de Xuristas contra a Criminalización de Ideas en Euskal Herria, asi como información e documentos relativos ao Sumário 18/98, poden ver-se en www.ehwatch.org

ESCULCA NA AUDIÉNCIA DE LUGO

Guillermo Presa Suárez estivo tamén presente como observador no xuízo que se celebrou na Audiéncia de Lugo o pasado 26 de Abril contra os funcionáraios do cárcere de Monterroso José Ramón Hidalgo Fernández, Joaquín Escudero Álvarez e Mario Luís Álvarez (xefes de servizo e subdirector médico respectivamente), acusados dun delito de torturas e unha falta de lesións, cometidos contra o interno Magdare Rabay.

O relatório sobre as circunstáncias en que se desenvolveu este xuízo e a posterior sentenza –absolutória- serán analisados no próximo número.

ANÁLISES E RELATÓRIOS

O ACESO À INFORMACIÓN: UNHA EXPERIÉNCIA PRÁTICA

Nunha vila do interior, en plena fase expansiva do ponto de vista urbanístico, apresentou-se un proxecto para a construción dunha nova estrada que rodease o seu núcleo. Tratava-se de evitar a pasaxe dunha parte relevante do tráfico actual ou potencial polas ruas desa vila, con o obxectivo básico de permitir facer da mesma un entorno de calma e de paseo. Tal obxectivo era ademais congruente con o tipo de crecimento sócio-económico do entorno, vinculado ao atractivo turístico de alto standing elexido como referente de tal crecimento.

Até aqui, todo parecia sensato. Tanto, que existia de feito unha consciéncia xeneralizada, en todos os sectores sociais e politicos da zona, sobre a necesidade de tal infraestrutura e os seus efeitos positivos sobre o território, de dimensión comarcal. O itinerário lóxico e esperável portanto dese proxecto de circunvalación para Mondariz e Mondariz-Balneárioi era unha fase de exposición pública pacífica, submetida exclusivamente às alegacións das persoas directamente afectadas nos seus bens.

Un grupo de viciños, non directamente afectados polo trazado da obra proxectada, acercamo-nos inicialmente por curiosidade a este asunto. Das primeiras explicacións públicas, entre parabéns e autocomplacéncias, xa nos xurdiron sen embargo certas interrogantes na medida en que non parecia que a fundamentación do proxecto, as suas razóns e obxectivos, coincidisen con a realidade coñecida das cousas: nen os cálculos de tráfico, nen as dimensións da obra, nen o trazado seguido, nen os efeitos diversos sobre o território pareciam proporcionados à nosa intuición. Asi que decidimos saber mais.

As primeiras dificuldades

Aí empezaron as dificuldades. Cando alguén se decide a saber máis sobre as cousas, automaticamente parecen saltar todas as alarmas. Para saber máis, é necesário acumular

antes de nada información, e no aceso a esa información atopamos dous tipos de condicionantes: os informais, vinculados aos cuidados, as suxestións, os xuízos de intencións, a vixiláncia a que o cidadán individual ou colectivo se ve submetido, e os formais, derivados das condicións en que a información material é acesível.

O 17 de Setembro de 2004 foi apresentado publicamente no concello de Mondariz-Balneário o proxecto da circunvalación. O dia 20 do mesmo mes publicou o DOG o anúncio da abertura do prazo de exposición pública dese proxecto e do seu estudo de impacto ambiental. Ese prazo era de 30 dias hábeis e anunciava-se expresamente que a documentación completa poderia consultar-se en 4 lugares: no Concello de Mondariz, no Concello de Mondariz-Balneário, na Delegación Provincial de Estradas de Pontevedra e na Consellaria de Obras Públicas.

Éramos cidadáns anónimos, leigos na matéria, curiosos polo contorno, e queríamos saber. "Que queredes saber?", "Por qué queredes saber?","Para qué queredes saber?", "Para quen queredes saber?". Esas foron as respostas oficiais cando quixemos dar o primeiro paso que era consultar a documentación disponível do proxecto. "Aí están os libros! Podedes ver o que queirades!", iso dician no Concello. "... mais nós vixiamos-vos", iso tamén o dician, sen palabras, con a ollada e con o xesto. Asi que, efectivamente, podíamos dispor dos tomos do proxecto, e podíamos buscar a maneira de estudá-los e entende-los: formalmente garantia-se-nos o direito de aceso à información.

Un direito teórico

Nunca nos ocorrera ver as cousas deste ponto de vista. Se alguén nos dixese que o direito à educación consiste en pór os libros de texto da ESO, do Bacharelado ou da carreira à disposición do alunado para que os lean, estuden e consulten nun prazo determinado de tempo, que pensaríamos? E se alguén nos dixese que o direito à protección da saúde consiste en permitir a calquer cidadán o aceso a un bon atlas de anatomia, un vademecun actualizado ou un quirófano para autodiagnosticar-se e autocurarse, iso si, rapidiño que hai mais xente esperando, que diríamos? As respostas a tais cuestións son evidentes para calquer persoa. E daquela por qué cando alguén nos di que o direito à información consiste en poder consultar uns tomos dun proxecto non esiximos tamén dispor dos meios axeitados para a sua interpretación?

No Concello ninguén sabia nada do proxecto, ninguén tiña capacidade para resolver dúvida algunha. Na Delegación Provincial de Estradas, ademais de dar-se a mesma situación, non era posível facer fotocópias. Na sede central da Consellaria en Santiago, ademais da mesma auséncia de consultores e da estrañeza monumental que provocava o feito de que alguén fose ali consultar documentación, tampouco era posível dispor de cópias, "só tomar notas". O direito à información estava sendo, ao noso xuízo, vulnerado, mais que tribunal poderia dar-nos a razón nisto?

A consecuéncia prática dese défice na acesibilidade à información seria na maioria dos casos o simples desistimento, ou a opción por unha oposición ao proxecto baseada en preconceitos, en conxecturas, en banalidades ou en simples cabreo. Nós non queríamos cair nen nunha cousa nen na outra. Noutros casos a reacción consistiria nun forte desembolso económico para o pagar os honorários de profisionais que nos traducisen a información impresa. Tampouco estávamos nese suposto.

Asi que optamos por tratar de cobrir nós mesmos, cidadáns anónimos e leigos mais mui O curiosos, ese défice de información substantiva.

O exercício do direito

A preparación desa opción obviamente consome por si mesma un tempo que pode esgotar por completo o período oficial de alegacións. Acollendo-nos à previsión legal, solicitamos a ampliación do prazo de apresentación de alegacións xustificada na insuficiéncia do prazo inicial para coñecer en profundidade o proxecto, avaliar con certo rigor as suas características e impactos, e preparar unha eventual alegación global ou parcial ao mesmo. Evidentemente, tal solicitude foi denegada, con o único e tautolóxico argumento de que o prazo inicial dun mes era mais do que suficiente para calquer cidadán.

Hai que ter en conta que un proxecto destas características leva implícito a aprovación simultánea do seu estudo de impacto ambiental. Estamos falando portanto non só das características técnicas da estrutura e do trazado da via, senon tamén das consecuéncias sociais, ambientais, patrimoniais, económicas e paisaxísticas que esa infraestrutura

provocará. E neste ponto é onde nos atopamos con que dispomos dunha vasta e proteccionista lexislación, formalmente mui avanzada, que simplesmente se esconde, se evita, se salta.

Para non abusar dunha citación extensa de normas, bastaria no que aqui nos ocupa con reler a Directiva 2003/35/CE relativa ao estabelecimento de direitos, regras e recomendacións para impulsar e garantir a participación do público nos procesos de elaboración de planos e programas de impacto meio-ambiental, como son evidentemente os proxectos de infraestruturas como a circunvalación de Mondariz e Mondariz-Balneário. Cómpre resaltar, por exemplo, a disposición que determina que "se estabelecerán prazos razoáveis para as distintas fases que concedan tempo avondo para informar o público e para que o público interesado se prepare e participe efectivamente no proceso de tomada de decisións." Evidentemente, nada a ver con a realidade.

Doutro ponto de vista, a información que ética e democraticamente deve demandar-se dos poderes públicos en forma suficiente e comprensível foi tamén inexistente. De maneira que, tamén neste terreo, nos prantexamo un proceso de substituición. Cando acadamos un nível de información sobre o proxecto que consideramos suficiente e comprensível, tratamo-la para a oferecer a toda a población dos dous municípios. O resultado foi espectacular, no sentido de que a partir dese momento a función de información esixível das administracións públicas foi substituída polo abastecimento informativo viciñal. Conseguimos apresentar unha información comprensível, tecnicamente rigorosa, crível e fiável, non misturamos información con opinión. Todos os sectores sociais, políticos e económicos do concello de Mondariz asumiron como referente informativo este traballo e rapidamente foi mudando aquela opinión inicial de que calquer obra, sobretodo se é grande, é beneficiosa de por si.

Transparéncia e información conquistadas

Fixeron-se mais asembleas viciñais que nunca na história de Mondariz e unificou-se a decisión dunha vila a favor dunha única alegación comun, no sentido de proporcionar o tamaño e características da obra às necesidades reais do povo, e de contribuir con ela a potenciar, e non degradar, a posta en valor dos elementos máis significativos do

contorno: o rio Tea, como espazo protexido que é, as mallas de comunicación local entre núcleos de povoación, as previsións de localización de asentamentos industriais, os elementos catalogados do património histórico e artístico, etc.

Os poderes públicos mondaricanos e os poderes fácticos dunha comarca que politicamente permanece nas práticas da Galiza profunda, tamén se incorporaron à crítica do proxecto e iso deu lugar a momentos que ficarán para a história social desta vila: a primeira asemblea viciñal presidida pola corporación municipal en pleno, a subscripción unánime dunha alegación xeral ao proxecto, a aprovación unánime polo Pleno do Concello de Mondariz do apoio a esa alegación, a criación dunha comisión cidadá con representación municipal, viciñal, de comerciantes, de empresários, de partidos da oposición, de comuneiros de montes e de regantes, para debater e aprovar o relatório oficial do Concello sobre o proxecto de circunvalación.

A Consellaria aceitou a alegación, retirou o proxecto e iniciou os traballos para propor un novo tipo de estrada. A transparéncia e a información, esta vez, conseguiron vencer. Iso si, a transparéncia e a información conquistadas.

INICIATIVA LEXISLATIVA POPULAR (ILP)

O dia 4 de Febreiro de 2005 tivo entrada no Parlamento de Galiza a mais recente iniciativa lexislativa popular, "para a protección, conservación e mellora dos rios galegos". A Comisión Promotora dela comeza deste xeito o longo camiñar até poder defendé-la nun Pleno do Parlamento perante os Deputados, xustamente os representantes elexidos por votación popular.

Van dezaoito anos xa desde o momento en que a cidadania galega pudo comezar a facer uso desta posibilidade. Tempo avondo como para encararmos a cuestión do seu valor, a sua viabilidade e a sua utilidade, e para formular severas preguntas. Cantas iniciativas se apresentaron? Cantas foron admitidas e tomadas en consideración polo Parlamento Galego? Dito doutra forma, como trataron os representantes institucionais da nosa sociedade –deputados- as iniciativas lexislativas populares, isto é, as xurdidas dos

próprios cidadáns e eleitores? Teñen futuro esas iniciativas xurdidas fora do Parlamento?

De qué falamos

Falamos de "iniciativa lexislativa", isto é, da faculdade e direito de apresentar ao Parlamento un texto de lei para que a cámara teña que admiti-lo e decidir se ha de seguir adiante como tal, se ha de ser "tomado en consideración". En caso afirmativo, esa iniciativa seguirá o trámite de emendas até se converter definitivamente en texto de lei, que será submetido a votación como calquer outro texto promovido polo Governo ou o Parlamento.

Ben sabido é que nos países con sistema democrático parlamentar a potestade lexislativa reside nas Cámaras (Congresos, Parlamentos, Senados...). Teñen a potestade, despois de as debater no seu seo, de aprovar leis, de lexislar.

Ora ben, a iniciativa para propor textos de lei a debater nas Cámaras (iniciativa lexislativa) está conferida exclusivamente, na maior parte das Constituicións, tanto aos próprios integrantes do Parlamento (deputados ou grupos parlamentares), como aos Governos; e son estes precisamente os que, na prática, mandan mais proxectos de leis às Cámaras, sendo tais proxectos unha expresión própria da acción de governo.

En xeral, as Constituicións democráticas non recoñecen aos cidadáns, aos eleitores, a posibilidade de facer propostas de lei.

Unha das excepcións

A Constituición Española é unha das poucas do contorno que recoñece a capacidade de iniciativa lexislativa popular (tamén a recoñecen as de Itália, Áustria e Portugal). Fai-no no Art. 87.3:

Art. 87.
1. A iniciativa lexislativa corresponde ao Governo, ao Congreso e ao Senado (...)

2. As Asembleas das Comunidades Autónomas poderán solicitar do Governo a adopción dun proxecto de lei ou remeter à Mesa do Congreso unha proposición de lei (...).
3. Unha lei orgánica regulará as formas de exercício e requisitos da iniciativa popular para a apresentación de proposicións de lei. En todo caso esixirán-se non menos de 500.000 asinaturas acreditadas. Non procederá esta iniciativa en matérias próprias de lei orgánica, tributária ou de carácter internacional nen no relativo à prerrogativa de graza.

Esta faculdade, este direito de iniciativa ten o mais alto rango ou valor, ao que corresponde a máxima garantia e protección. O Parlamento non pode deixar de admitir para debate no Pleno unha ILP que cumpra con os requisitos formais (asinaturas) e non verse sobre as matérias excluídas (tributos, etc.). De negar-se, a Comisión promotora pode facer uso do Recurso de Amparo perante o Tribunal Constitucional, protección semellante à que se outorga constitucionalmente aos direitos fundamentais.

A Lei da ILP galega

Asi mesmo, o Estatuto de Autonomia de Galiza recoñece no Art. 13.1 a iniciativa lexislativa popular perante o Parlamento Galego, prevendo que estará regulada por unha lei. Pois ben, esa lei foi promulgada no ano 1.988: Lei 1/1988, do 19 de Febreiro.

Sumariamente, a tramitación dunha ILP requer o que segue. A Comisión promotora apresenta no Parlamento un texto articulado, precedido dunha exposición das razóns que xustifican a importáncia da matéria e a conveniéncia de tratá-la por esta canle e converté-la en lei; pode adxuntar con ela a documentación que estime interesante, como estudos, relatórios, etc. O texto pode ser sinxelo e breve, e ten que versar sobre unha matéria concreta e homoxénea. Unha vez depositada, a proposta ten que conseguir o respaldo de polo menos 15.000 asinaturas autenticadas de eleitores galegos, que a Promotora ten que recoller nun prazo de catro meses pois, de non ser así, a iniciativa "caduca" ou morre. Cumpridos os requisitos, a Mesa do Parlamento sinala a data para o seu debate en Pleno. Rematado este, o Pleno, por votación, decide se é tomada en

consideración ou é rexeitada. De ser tomada en consideración, segue os pasos dunha iniciativa lexislativa parlamentar (emendas) até à aprovación definitiva que a converta en lei.

É unha singularidade da ILP galega que a defensa da iniciativa no Pleno do Parlamento poda ser feita, na tribuna, por unha persoa designada pola Comisión Promotora, que pode designar un dos seus membros ou algunha das persoas asinantes da iniciativa. Isto é, non ten que ser Deputado quen a defenda no Pleno.

A prova do lume

O deputado que defendeu a lei no seu momento, descrevia asi no Pleno do Parlamento a paradoxal situación: "Os representantes institucionais (elixidos) estamos aqui peneirando o que concedemos ou non aos que nos deron a representación". E botava un reto: "É que van facer vostedes con esta lei o que fixo o Procurador Xeral de Xenebra (Msr. Tronchin), que mandou queimar ou queimou o libro do "Contrato Social" de Rousseau, paradigma da democracia directa, da participación directa dos cidadáns na governación? De non aprovarmo-la, ficaria manifesto que o narcisismo ou paroxismo da democracia representativa teria deglutido e destruído a própria democracia."

Efectivamente, naquel debate apareceron os medos e as categorias. Medo a que os simples cidadáns, meros eleitores, sobardaran o papel dos seus representantes: "Fomos elexidos para lexislar e van vir agora os cidadáns con iniciativas lexislativas? e imos ter que tratá-las como se fosen nosas?" E tamén: "Pode ser utilizada como arma polos grupos extra-parlamentares", cuidado, "non veña a subtituir-se a Cámara polo povo". Algun deputado engadiu: "O que fai (a proposta da lei) é outorgar a representación a quen non a gañou, está-se outorgando a faculdade de subir a esta tribuna, de pronunciar-se desde a mesma con o mesmo vigor e con as mesmas condicións que a quen gañou a sua representación mediante a eleición popular (...); parece absolutamente excesivo".

Conclusión: havia que pór cautelas (ou atrancos). Para iso elevou-se o número de asinaturas (de 10 a 15.000) e obrigou-se a iniciativa popular a pasar polas forcas claudinas de "tomada en consideración polo Pleno". Parece claramente contraditório que a Cámara de representantes submeta, xulgue, fiscalice ou impida que entre

mecánicamente ao debate próprio dunha proposición de lei a iniciativa lexislativa popular, de orixe distinta da parlamentar ou governamental, mais constitucionalmente recoñecida, sendo o único recuncho de democracia directa e participativa no noso sistema.

Con estas modificacións, máis algunhas esixéncias burocráticas de tramitación, no debate derradeiro, de un total de 62, a lei acadou 61 votos a favor e 1 en contra. O lume non queimara a lei, mais deixara-a chamuscada. A porta estava aberta.

Resultados: goleada

Desde aquelas, apresentaron-se no Parlamento de Galiza 14 iniciativas. Unha decaiu, por non se apresentaren as asinaturas esixidas. Duas non foron admitidas a trámite por non cumpriren os requisitos legais. Outra viu suspendida a sua tramitación por non se subsanaren alguns erros. Oito foron rexeitadas ("non tomadas en consideración"). Somente unha, sobre a criacion da área sanitária do Salnés, foi tomada en consideración. A última, sobre os rios galegos, acaba de encetar o camiño.

A mesma goleada, ou maior, suportaron as iniciativas lexislativas populares no Congreso e noutras Cámaras autonómicas con lei própria.

À vista dos resultados, resulta inevitável recordar o que dixo o único deputado que no debate de aprovación do texto reformado e definitivo votou en contra, se ben votara a favor da tomada en consideración da proposta de lei inicial: "A proposición de lei apresentada, devidamente submetida à prova do lume na Comisión, saiu convertida en papel mollado...o que tiña de fecundo, o que tiña de entrañavelmente democrático, de vontade democrática de fondo, de trascender a rixidez desas eivas, os defeitos funcionais ou as limitacións dun Parlamento, o que tiña de todo isto a proposición de lei (...) volatilizou-se como esa nuve seica de vapor de água" [referindo-se à explosión do "Cason" no mar de Fisterra].

O distanciamento é manifesto

As perguntas que nos facíamos na entrada teñen resposta. A conclusión que segue resulta inevitável, e desafia a ser contradita.

O Parlamento non tolera ben nen aprecia as iniciativas lexislativas populares; deixa-as entrar –non ten mais remédio- e, no primeiro encontro cara a cara, no Pleno, esgana-as. O seu comportamento resulta socialmente disuasório para o único recuncho da democracia directa e participativa dos cidadáns, no noso sistema lexislativo.

Doutra parte, transmite a sensación de que a lucidez, a capacidade de análise das necesidades da comunidade e da oportunidade de as atender, ficaran naturalmente monopolizadas polos sedentes nos escanos parlamentares. E se isto ocorre é porque estes sobreestiman o seu carácter de "investidos" a respeito dos cidadáns, que lles cederon o escano (temporalmente). Por aí decorren os pensamentos nas mentes dos seus integrantes, polo menos do conxunto. Ora ben, iso responde a unha realidade ou é mais ben un "delírio" deles? Tamén neste terreno hai "clases"? A condición de afiliados a un partido dilui a sua consciéncia de deputados? O distanciamento é manifesto.

Porque non hai atrancos regulamentares nos procedimentos parlamentares que impidan, como de calquer outra, a complementación ou mellora do contido esencial das iniciativas lexislativas populares.

Aqueles medos iniciais diante da lei que se debatia no ano 1988, traducen-se agora en rexeitamento reiterado, lexislatura após lexislatura, destas iniciativas. Prática que teremos de modificar se queremos ter un Parlamento máis democrático.

TIPIFICACIÓN PENAL CLASISTA

A sentenza do Xulgado do Penal n.º 2 de Lugo (confirmada pola Audiéncia Provincial) que condenou a elevadas penas de prisión tres sindicalistas da CIG que facian parte dun piquete durante a greve xeral do 20 de xuño de 2002 provocou unha importante reacción de repúdio na sociedade e na comunidade xurídica. Na base do problema encontra-se a

própria regulación que o Código Penal de 1995 fai dos delitos contra os direitos dos traballadores.

Os delitos contra os direitos dos traballadores

Os chamados «delitos contra os direitos dos traballadores» non son só aqueles que o Código penal clasifica sob esta rúbrica (título XIV, artigos 311 a 318). Tamén están intimamente relacionados con os direitos dos traballadores os delitos relativos à Seguranza Social, que aparecen tipificados nos artigos 311 e 307 ao lado dos delitos contra a Facenda pública.

Aliás, tamén a tutela do exercício dos direitos fundamentais, regulada nos artigos 510 a 512 do Código Penal, ten incidéncia no ámbito das relacións laborais naquelas matérias onde non exista unha figura mais específica.

Ora, apesar de que o obxectivo declarado do lexislador ao regular estes delitos era penalizar, en defesa dos traballadores, as condutas mais graves producidas no mundo do traballo, o certo é que a regulación resultou dunha inoperáncia total. Na prática forense son mui raros os casos en que recai unha condena penal destas condutas, o que obedece en muitos casos ao próprio interese do traballador en optar polas vias laboral ou administrativa, que contan con mecanismos mais eficientes e acaídos à realidade do mundo do traballo.

Suxeitos activos e pasivos

Un problema básico da sistemática destes delitos é o de determinar a que traballadores e a que empresários se fai referéncia nos diferentes artigos, tanto na sua condición de suxeitos activos canto na sua condición de suxeitos pasivos do delito.

Como suxeito pasivo, a doutrina mais autorizada entende que hai que aplicar un conceito amplo de «traballador», non limitado ao traballador por conta de outrén que aparece definido no artigo 1.º do Estatuto dos Traballadores, senon alargado a figuras próximas como os traballadores autónomos ou os funcionarios públicos, pois estes comparten o ben xurídico protexido, que se identifica con o «mundo do traballo» ou con «as condicións laborais mínimas dos traballadores».

Canto à determinación do suxeito activo, a figura do empresário aparece nitidamente definida como o actor principal deste xénero de delitos. Nuns casos, porque é necesario

ter a condición de empresário para poder cometer o delito, ora sexa por referéncia expresa do preceito, ora por estar directamente obrigado en virtude dunha norma laboral (artigos 311 e 314 do CP). Noutros delitos, por exemplo os delitos contra a seguranza e a hixiene do traballo (art. 316 do CP), o conceito de suxeito activo pode alargar-se às persoas que traballan ao servizo do empresário servindo os intereses deste (mandos, directores, técnicos ou subalternos). No delito de elusión do pagamento das cotas da Seguranza Social (artigo 307), o autor pode ser tamén un empresário autónomo.

Por outra parte, os artigos 312 e 313 tipifican condutas (traficar con mao de obra, promover a imigración clandestina) que poden realizar persoas que, sen teren a condición de empresários, favorecen os intereses patronais.

Hai un único tipo penal contra os direitos dos traballadores que tipifica unha conduta que pode ser realizada por traballadores en posición antagonista de clase: a coacción de outrén para iniciar ou continuar unha greve (Artigo 315.3 do CP).

O conteúdo dos delitos e as dificuldades para a sua aplicación

A maior parte dos delitos contra os direitos dos traballadores poden ser catalogados como normas penais en branco, na medida en que constituen declaracións abstractas cuxo conteúdo precisa de ser preenchido acudindo à lexislación laboral e de previdéncia social. Isto implica que o xuiz penal ten que ter uns mínimos coñecimentos do direito laboral, cousa que ordinariamente non acontece. A isto hai que acrecentar que os limites entre a conduta típica e a atípica son muito evanescentes e às veces o libre consentimiento do traballador aceitando condicións desfavoráveis pode converter a conduta en atípica.

A maioria destes delitos identifican-se con infraccións cualificadas da normativa laboral, elevadas à categoria de delitos: infraccións sobre condicións e direitos do contrato de traballo (artigo 311), sobre contratación de mao de obra (artigo 312), sobre axéncias de emprego (artigo 313), sobre liberdade sindical ou sobre seguranza e hixiene no traballo.

Mesmo nos casos en que a figura delitiva posui substantividade de seu, como é o caso das condutas discriminatórias, é muito difícil o deslinde entre o ámbito penal e o laboral. É o caso dos despedimentos nulos, onde o próprio artigo 55 do Estatuto dos Traballadores parece marcar unha liña favorável a que a tutela xudicial sobre estas condutas se limite à xurisdición laboral, sen intervención do xuiz penal.

Ademais, é característico e exclusivo das discriminacións laborais o feito de que o Código Penal acrescente requisitos adicionais (como o prévio requerimento ou a sanción administrativa e a reparación dos danos do artigo 314) ao feito básico para determinar a tipicidade da conduta. Estes requisitos adicionais non aparecen á hora de tipificar outras discriminacións (por motivos de raza, sexo, ideoloxía, etc.) como as reguladas nos artigos 510 a 512 do CP.

Cabe afirmar, neste sentido, que as posibilidades de tutela penal contra discriminacións no mundo do traballo son mais restritivas que as producidas por calquer outro motivo ou consideración.

O Artigo 315: Unha tipificación penal clasista

Destarte, a indefinición do ben xurídico protexido e a complexidade da matéria sócio-laboral converten as condutas tipificadas en praticamente inaplicáveis en via penal. Curiosamente, estas dificuldades desaparecen como por ensalmo na única conduta que pode ser cometida por traballadores que defenden os seus próprios intereses: a coacción para iniciar ou continuar unha greve. Transcrevemos os tres apartados do artigo 315 do CP, mercé ao cal foron condenados os tres sindicalistas de Lugo:

1. Serán punidos con as penas de prisión de seis meses a tres anos e multa de seis a doce meses os que, mediante engano ou abuso de situación de necesidade, impediren ou limitaren o exercício da liberdade sindical ou o direito de greve.

2. Se as condutas referidas na alínea anterior se levaren a cabo con forza, violéncia ou intimidación, serán impostas as penas superiores en grau.

3. As mesmas penas da alínea segunda serán impostas aos que, axindo en grupo ou individualmente mas de acordo con outros, coaxisen outras persoas a iniciaren ou continuaren unha greve.

Dunha simples leitura do preceito podemos tirar várias conclusións:

a) Os suxeitos activos das condutas recollidas nas alíneas 1 e 2 do artigo 315 han de situar-se na órbita do empresário, na medida en que se tipifican condutas que impedem ou obstaculizan o exercício de direitos dos traballadores que a empresa ten o dever xurídico de suportar.

b) Os suxeitos activos da conduta da alínea 3 serán normalmente traballadores organizados, con interese en que as greves sexan secundadas.

c) A conduta da alínea 3 non se asimila na sua penalidade ao tipo básico da alínea 1, senón ao tipo cualificado na alínea 2, que estabelece unha pena superior en grau para as condutas cometidas con forza, violéncia ou intimidación. Isto é, calquer conduta das que cometan os traballadores, con ou sen forza, violéncia ou intimidación, asimila-se às mais graves que pode cometer o empresário.

d) As alíneas 1 e 2 do artigo 315 do CP exixen, de forma adicional à conduta, a concorréncia dos meios comisivos de engano ou abuso de situación de necesidade, non obstante a concorréncia dese engano ou abuso non se requer para a apreciación da conduta da alínea 3. É importante notar que os referidos meios comisivos de engano ou abuso de situacion de necesidade non aparecian na tipificación do delito no anterior Código penal de 1973, polo que se pode entender que a nova regulación é mais favorável para os empresários.

Unha reforma necesária

A deficiente, e clasista, regulación destes delitos asi como a própria praxe xudicial aconsella unha reforma lexislativa profunda do Código penal, unha reforma que supere unhas figuras penais máis dogmáticas que práticas e vise unha mellor tutela penal dos direitos dos traballadores.

HISTORIA DOS DEREITOS HUMANOS (IV)

Igualdade ma non troppo

Unha cousa era proclamar o direito de todos à liberdade, à propriedade, à seguranza, à igualdade civil e à igualdade política para congregar o conxunto do povo contra os privilexiados e o rei absoluto e outra mui diferente facer realmente efectiva a universalidade deses direitos, cousa que implicaria ceder ao conxunto dos cidadáns o poder real de decidir. E a maioria dos negociantes, proprietários e profisionais que

promoveran a revolución en Franza non estavan dispostos a semellante despropósito, que poria en sério perigo as posibilidades de converter-se en clase dominante de recámbio para construir unha sociedade e un sistema político feitos à medida da sua concepción do mundo e dos seus intereses. De aqui as grandes diferenzas que median entre a Declaración de Direitos de 1789 e a primeira Constituición francesa, a de 1791.

Por suposto a negación do declarado non podia ser completa, porque unha parte dos direitos proclamados eran consubstanciais con o proxecto revolucionário (algunhas liberdades, a igualdade civil, a propriedade privada) e porque de momento a destrución do Antigo Rexime e o triunfo da revolución non era nen muito menos seguros e, en consecuéncia, havia que facer todo o posível por non restar apoios sociais. Mais isto último tiña un limite: a cuestión da participación no poder político. Aqui non devian facer-se concesións mentres a situación non fose desesperada. Por iso a primeira vítima da nómina inicial de direitos foi a igualdade política.

Con efeito, un dos ideólogos da revolución en chave estrictamente "burguesa", Enmanuel Sieyes, ideou a división da cidadania en tres clases en función do nivel de riqueza: 1) os cidadáns *pasivos*, con direitos civis mais sen direito aos sufráxios activo e pasivo, e que serian todos aqueles que pagasen un tributo inferior ao valor de dez xornais; 2) os cidadáns *activos*, con direito ademais a votar mais non a seren elixidos, que serian os que superasen esa cota; e 3) os *eleitores*, os únicos con direito ao sufráxio pasivo, para o que haverian de ter unha fortuna polo menos tres veces superior à dos cidadáns activos. En rigor, compriria engadirmos unha cuarta clase: as mulleres, desprovidas dos direitos políticos e dunha parte dos direitos civis. Inaugurava-se asi o sistema que se chamaria de sufráxio censitário, asentado sobre a discriminación política masiva e dominador no panorama constitucional europeu até a Grande Guerra de 1914-1918. Deste modo a minoria posuidora poderia exercer en exclusiva o poder. Para facermos unha idea do que significava do ponto de vista sócio-político esta primeira Constituición avondan estas cifras: dos 20 millóns de habitantes que aproximadamente tiña daquela Franza, só eran cidadáns activos uns 2 millóns e únicamente uns 50.000 podian aceder à categoría de eleitores.

No próprio decurso da revolución este sistema cambiou axiña. O ataque combinado da sublevación absolutista no interior e das outras monarquias absolutas europeas desde o

exterior puxo en grave perigo a continuidade do nacente rexime liberal. De aqui que fose necesário atender as demandas maiores das clases populares, especialmente das urbanas, para que estas se unisen totalmente à luita contra o Antigo Rexime. Entrava-se asi na fase máis profundamente revolucionária, a de 1792-1793. A arremetida dos *sans-coulottes* de Paris, dirixidos polos xacobinos máis radicais, destruiu a vixéncia da Constituición de 1791 e forzou a reunión dunha Convención Nacional, elixida por sufráxio universal masculino, que elaborou unha nova lei fundamental rexida pola igualdade política de todos os cidadáns varóns. Ademáis puxo-se entre parenteses o liberalismo económico fixando un *maximum* para os prezos dos produtos de primeira necesidade e un *minimum* para os salários e as tarifas que cobravan os artesáns, estabelecendo a intervención do comércio interior e exterior para garantir os abastecimentos, regulando as relacións laborais e criando industrias e talleres públicos que, amén de paliaren o desemprego, fosen quen de fabricar à velocidade requerida armas e pertrechos para a guerra. Grazas a este rexime de excepción, que aliviava as intoleráveis condicións de vida en que caíra o povo por mor da crise inducida pola própria revolución, e grazas tamén ao Terror contra os contrar-revolucionários, pudo organizar-se rapidamente unha forza militar de novo tipo, formada por cidadáns libres e motivados. Este exército do Ano II foi quen de vencer a rebelión interna e de expulsar os inimigos externos fóra da terra francesa. O mesmo exército que anos despois, con o nome de *Grande Armée*, protagonizaria as conquistas de Napoleón.

Mais a alegria dura pouco na casa do pobre. Unha vez cumprida a sua misión, o rexime de excepción era inecesário e inconveniente para os grupos rectores. As águas devian volver ao seu rego "natural". Asi que chegou o refluxo que, con o nome de Termidor, mandou à guillotina os dirixentes do Terror, esmagou as organizacións dos *sans-coulottes*, restabeleceu ese liberalismo económico tan beneficioso para negociantes e especuladores e volveu instaurar a desigualdade política con unha nova constituición, a de 1795. Desta vez, as clases populares, con o mellor dos seus activistas enrolados no exército e moi lonxe do eido das confrontacións, foron definitivamente derrotadas. Non reaparecerian no escenário político francés até 1848.

Mais, no que atinxe aos direitos fundamentais, a cuestión non se cinxia a poder votar ou non. Muitas liberdades básicas proclamadas nas normas ou non se podian exercer dun modo efectivo ou ese exercício era socialmente discriminatório. Algo similar cabe

afirmar da seguranza xurídica e da igualdade de todos os cidadáns perante a lei. Deixando à parte o período excepcional de 1792-1795, tanto durante o rexime termidoriano (1795-1799) como durante o napoleónico (1799-1814) un conxunto de leis *ad hoc* ou simplesmente o lavor cotián de xuíces e policias negava na prática a própria teoria do sistema. Por exemplo, a Lei Le Chapellier proibia asociar-se aos traballadores, so pretexto de que calquer corporativismo era contrário ao sacrosanto individualismo político da revolución liberal. Mais isto non era aplicável aos de arriba que podian asociar-se para o que quixesen. Estava claro que se tratava de privar a asalariados e artesáns das armas da sindicación e da folga para deixá-los indefensos na nacente luita de clases. Algo similar acontecia con a liberdade de residéncia, mui limitada para os sectores sociais inferiores pola esixéncia de salvoconduto para desprazar-se polo território, documento que era doado de conseguir para a xente "ben" mais non asi para os traballadores, fosen do campo ou da cidade, que estavan nisto a mercé da discrecionalidade policial ou do aval dalgun superior. En canto aos Códigos, eran iguais para todos na letra, mais non a todos se aplicavan por igual. A seguranza xurídica e as garantias procesuais só existian plenamente para quen, pola sua condición social respeitável, merecian creto aos xuíces, procedentes dese mesmo estrato social. E por suposto as penas sempre eran muito máis duras para os de abaixo. En canto as liberdades de expresión e prensa, só as clases médias e altas podian gozar delas, porque eran as únicas letradas e con capacidade económica para producir e consumir ideas, libros, folletos e periódicos. Havia outros direitos (à educación, à asisténcia sanitária, à pensión de vellez, ao seguro de desemprego) que daquela nen se imaxinavan. A igualdade sócio-económica só aniñava de momento nas poquísimas mentes da extrema esquerda do momento, como a dun Babeuf, ideólogo da fallida *conspiration des égaux* (dos iguais) de 1797.

Tais foron as luces e as sombras dunha revolución na que, contodo, está a orixe da afirmación e da negación dos direitos humanos dos dos últimos séculos. Na próxima entrega abordaremos a sorte que correron estes direitos no século XIX.

NOTÍCIAS

SALDO NEGATIVO

"A reunión da Comisión de Direitos Humanos da ONU deste ano conclui sen teren sido abordados os casos mais graves de violacións que aflixen o mundo" afirma *Human Rights Watch* no balanzo publicado o 22 de Abril *"UN. Human Rights Body Ignore Mayor Abuses"* (www.hrw.org), dia da clausura da Sesión anual. "O que demonstra que é preciso substituir esta Comisión por un organismo novo e mais efectivo como recentemente manifestou o Secretário Xeral", acentua esta organización humanitária que xa no início das sesións puxera en evidéncia o paradoxo de un organismo destas características incluir entre os seus membros governos responsáveis de graves e constantes crimes contra a humanidade

ACESO À INFORMACIÓN

Dezaseis organizacións europeas que traballan na defensa da liberdades públicas, apoiadas por un elevado número de colectivos, entre os que se encontra EsCULcA, solicitaron ao Consello de Europa a redacción de un tratado vinculante pan-europeu que regule o aceso à información.

Un tratado destas características "deveria garantir o direito de todas as persoas ao aceso à información en poder dos organismos públicos, incluídos os poderes xudicial e lexislativo, asi como daqueles organismos que realicen funcións públicas e operen con fondos públicos", afirman os grupos asinantes da solicitude, que recordan que xa en 2002 o Consello de Europa recomendava aos "estados membros facer o maior esforzo para garantiren a disponibilidade ao público da información contida en documentos oficiais, suxeito à protección de outros direitos e intereses lexítimos".

As organizacións instan tamén o Concello de Europa a debater con representantes da sociedade civil antes de tomar unha decisión definitiva e a contar con a sua

participación no proceso."Estamos en disposición de oferecer a nosa colaboración" – afirman" "para a elaboración e posta en prática de un tratado destas características."

Mais información: www.justiceiniciative.org

CONTRA A VIXILÁNCIA MASIVA

"O novo paradigma de seguranza, con que se xustifica o retroceso nos direitos e liberdades e o aumento do controlo policial sobre persoas e povos, permite aos estados avanzar na construción dunha infraestrutura global de rexisto e vixiláncia masivos", afirma-se no documento feito público pola ICAMS *(Campaign Against International Mass Surveillance)* o pasado mes de Maio.

A campaña contra a Vixiláncia Masiva é promovida por *American Civil Liberties Union* (ACLU), *Focus on the Global South Friends Committee on National Legislation*, *International Civil Liberties Monitoring Group* (ICLMG) e *Statewatch* e conta con o apoio de un centenar de asociacións de todo o mundo, entre elas EsCULcA.

"Esta infraestrutura, que permitirá manter activo un rexisto de todas as persoas, os seus deslocamentos, as suas comunicacións e todo o tráfico electrónico, posibilitará guardar, enlazar e procesar con técnicas de "mineración" (extracción de información das grandes bases de dados por meio de recursos tecnolóxicos sofisticados) a información armacenada en todas as bases de dados públicas e privadas para a pór à disposición das axéncias governamentais"

"O obxectivo non é facilitar as tarefas ordinárias de vixiláncia policial" -argumentan as asociacións promotoras da campaña- "senón controlar populacións inteiras, estabelecendo un controlo social sen precedentes de alcance global apoiado nunha elevada capacidade tecnolóxica. Os governos de Estados Unidos, a Unión Europea e outros países comezaron xa a empregar información obtida e compartillada através desta infraestrutura para reprimir a disidéncia, fechar as fronteiras a imigrantes, refuxiados e activistas, e capturar e deter persoas sen motivo fundamentado."

“E todo isto” –salientan- “nun momento en que os EE.UU. e os seus aliados manteñen un sistema de cárceres, a maioria deles secretos, onde reteñen, por períodos de tempo indefinidos, un número descoñecido de persoas que poden ser submetidas a torturas.”

“Xa non se trata só de defender a nosa intimidade senón de impedir intromisións que afectan a natureza mesma da relación entre o indivíduo e o Estado, as bases da xustiza e dos direitos humanos. E isto é algo que di respeito a todas as persoas.”

Como ponto de partida da campaña o grupo promotor apresentou o 25 de Maio un extenso traballo (*The Emergence of a Global Infraestructure for Mass Registration and Surveillance*) onde, depois de se descrever o proceso de involución democrática que experimentaron as nosas sociedades nos últimos anos e refutar-se o primeiro argumento que xustificaria esa deriva (“Pede-se-nos apenas que sacrifiquemos un pouco de intimidade e ben-estar en troca de maior seguranza”), pasa-se a definir as 10 balizas mais importantes deste percurso: o rexisto de comunidades inteiras, a criación dun sistema global, a criación de infraestruturas globais de vixiláncia de movimentos, comunicacións electrónicas e transaccións financeiras, a converxéncia de bases de dados nacionais e internacionais, os perigos dun modelo de seguro a todo risco, a perda de soberania, e, finalmente “a perda de referentes morais: entrega, tortura e morte”.

Denuncian-se tamén neste importante documento outros dez grandes mitos que vigoran nas nosas cada vez mais controladas sociedades: Son medidas para faciliar as viaxes, Quen non ten nada que ocultar non ten por que preocupar-se, A tecnoloxia que se utiliza é obxectiva e digna de confianza, A relación de terroristas é o resultado da cooperación internacional, Se unha persoa cai por erro na rede de vixiláncia, o governo emendará ese erro, Os governos queren pór en prática estas medidas para protexer os cidadáns dos terroristas, As sociedades ocidentais defenden a democracia e os direitos humanos en todo o mundo, Estas iniciativas proporcionan seguranza, Garantir a seguranza é a primeira responsabilidae dos governos, Ao fin e ao cabo, mellor isto que nada.

PROPOSTA REXEITADA

O Comité de Liberdades Civis do Parlamento Europeu rexeitou o pasado 26 de Maio, con un único voto en contra, unha proposta apresentada conxuntamente por Franza, Reino Unido, Irlanda e Suécia para a retención de comunicacións telefónicas e electrónicas con o obxectivo de prevenir, investigar e perseguir actos terroristas. O comité argumentou ter dúvidas no que ao fundamento legal e a proporcionalidade das medidas propostas di respeito e solicitou aos Estados Membros a elaboración de un estudo que mostre se as medidas que se propoñen son en realidade imprescindíveis.

Mais información: http://www.i-cams.org

DUAS NOTÍCIAS DE FRANZA

A consecuéncia dunha denúncia da Conferéncia Episcopal francesa diante do Consello do Audiovisual, os "*Guignoles*" tiveron que retirar unha caricatura do papa Benedicto XVI. Tratava-se dun *sketch* difundido o 20 de Abril por Canal+ en que a marioneta do papa bendicia os fiéis "no nome do Pai, e do fillo e do Terceiro Reich", ao tempo que un subtítulo indicava "Adolf II". Diante das presións da Igrexa, a emisora optou pola autocensura, pedindo escusas públicamente.

Doutra parte, unha decisión confirmada polo tribunal de apelación de Paris condenou unha axéncia publicitária a retirar un cartaz, por considerá-lo "contrário à sensibilidade cristiá". Dava asi razón e atendia unha denúncia da asociación "Croyances et libertés" (instrumento do episcopado). Tratava-se de publicidade dunha marca de moda, en que aparecia un grupo de mulleres en atitudes mais ou menos eróticas, representando "A Cea" de Leonardo da Vinci.

A Igrexa, despois de anos, considerou necesário librar o seu combate tamén no terreno xudiciário. As cuestións están agora pendentes de resolución do Tribunal de Casación.

LAVAXE POLÍTICA

Statewatch, *American Civil Liberties Union* e *Privacy Internacional*, anunciaron o pasado 13 de Abril, no decurso da "Conferéncia anual de Computadores, Liberdade e

Intimidade" celebrada en Seattle, a formación do "Proxecto Lavaxe Política" cuxo obxectivo é controlar a crecente influéncia de organizacións internacionais como o G8 na elaboración de estratéxias políticas regresivas.

"A batalla democrática por preservar as liberdades públicas nos Estados Unidos e en todo o mundo encara un novo desafio. Un desafio que xa foi alcuñado como "lavaxe politica" e que consiste en utilizar foros estranxeiros e internacionais para, dando un rodeo, "lavar" políticas que non poderian entrar en circulación nos respectivos estados pola via lexislativa ordinária. Nun mundo que se globaliza rapidamente, esta técnica está convertendo-se no principal mecanismo para os EE.UU. (e outros países) burlaren os obstáculos que as asociacións civis poñen à vulneración do direito à intimidade", afirma o manifesto dado a coñecer en Seattle.

Os EE.UU. e a UE aproveitan o feito de non existiren ainda instrumentos que garantan o controlo democrático dos organismos internacionais para os forzaren a adoptar políticas regresivas como parte da chamada "guerra ao terror" e introducir despois pola porta traseira estas politicas nos seus próprios estados.

"En resumo, se os governos "se globalizan" e traballan xuntos para burlar os controlos legais e politicos dos seus estados, é preciso que as organizacións de defensa das liberdades públicas e o direito de intimidade, asi como outras asociacións interesadas en garantir o xogo limpo, traballen tamén no ámbito global."

A TORTURA NO ESTADO ESPAÑOL 2004

O pasado 12 de Maio, a *Coordenadora para a Prevención da Tortura* depositou o seu extenso e mui documentado relatório *A Tortura no Estado Español. 2004*, no rexisto da mesa do Congreso dos Deputados, do Ministério do Interior e da Fiscalia Xeral do Estado, e enviou cópia à Presidéncia do Governo.

Neste relatório, que foi apresentado publicamente en Madrid o dia 13, a *Coordenadora* documenta a existéncia de 793 apresentadas por emigrantes, menores, persoas integradas en movimentos sociais, etc., que foron detidas por diferentes motivos e denunciaron ter sido torturadas en comisarias, cárceres, centros de menores e outros

centros de detención do Estado Español ao longo do pasado ano. É de salientar que 24 destas denúncias foron formuladas en Galiza.

No decurso da apresentación pública do relatório, representantes da *Coordenadora* destacaron a pouca equidade do sistema xudiciário español, que nunca deu resposta adecuada a estes problemas. A excesiva demora na tramitación das denúncias (que nalguns casos ultrapasa os 20 anos) e a prática de arquivar indiscriminadamente as causas ou absolver os autores, asi como a sistemática concesión de indultos nos poucos casos en que os membros das diversas forzas de seguranza do estado resultaron condenados, cria un clima de impunidade que favorece a comisión destes delitos como xa foi reiteradamente denunciado por numerosos organismos internacionais e asociacións de direitos humanos. Os últimos, Amnistia Internacional (A*cabar con a dobre inxustiza. As vítimas de tortura e maus tratos non son indemnizadas)* e o Comité contra a Tortura da ONU, que acaba de ditar unha resolución contra o Estado Español en que afirma que este violou os artigos 2, 4 e 14 da Convención contra a Tortura por non atender devidamente a denúncia de Kepa Urra. Na sua resolución o CAT urxe o governo a "velar porque na prática se impoñan penas adecuadas aos autores de actos de tortura e garantir a reparación completa da vítima", condecendo-lle un prazo de 90 dias para que informe das "medidas adoptadas" para por fin à impunidade e à prática da tortura.

Por outra parte, a *Coordenadora* manifestou considerar o Protocolo Facultativo à Convención contra a Tortura das Nacións Unidas un instrumento imprescindível para pór fin a estes abusos e instou o Congreso dos Deputados a ratificar de imediato este importante tratado internacional e ao governo español a non demorar a aplicación de medidas preventivas, contando con a participación activa da sociedade e as suas organizacións no proceso de formación dos futuros comités de visita aos centros de detención "para garantir" –insistiron- "a sua independéncia e eficácia".

No acto de apresentación estiveron presentes representantes da ACED (Associaçao Contra a Exclusao e pelo Desenvolvimento), organización que lidera a campaña pola asinatura e rtificación do Protocolo en Portugal e Mark Thompson, Secretário Xeral da Association pour la Prévention de la Torture, organización internacional a que se deve

en grande medida a elaboración deste instrumento e a sua aprovación na Asemblea Xeral das Nacións Unidas.

RECOÑECIMENTO HISTÓRICO

O dia 17 do pasado mes de Maio, o Congreso dos Deputados de Madrid aprovou unha moción, consecuéncia da interpelación urxente apresentada en comisión polo grupo Esquerra Republicana, en que por primeira vez un dos poderes do estado recoñece explicitamente a existéncia de torturas e maus tratos nos cárceres e comisarias do Estado Español, ao tempo que insta o governo a tomar medidas concretas contra esta prática vil.

A moción, aprovada por unha maioria próxima à unanimidade (307 votos a favor, 1 en contra e 1 abstención), supón unha mudanza radical na atitude destes poderes, que negaron sempre a veracidade das denúncias realizadas unha e outra vez por numerosas asociacións, apesar de esas denúncias alicerzaren en abundante e ben contrastada documentación e apesar de estaren avaladas –como é ben coñecido- polos relatórios oficiais de diferentes organismos internacionais (a ONU e o Consello de Europa para citar apenas os mais recentes).

Medidas práticas

Na moción recollen-se algunhas das mais constantes reivindicacións das asociacións que traballan no ámbito dos direitos fundamentais: a) insta-se o Governo a proceder, no prazo de 6 meses, às accións necesárias para ratificar e aplicar sen demora o Protocolo Facultativo à Convención contra a Tortura e a constituir de imediato o Subcomité, b) subliña-se a necesidade de neste organismo se integraren os colectivos defensores dos direitos humanos, c) urxe-se o governo a desenvolver unha política integral para prevenir e protexer a vítima frente a todo tipo de tratamento cruel, desumano ou degradante, reaxindo con firmeza e dilixéncia en caso de denúncia.

Medidas, sen dúvida, necesárias, subliñan as organizacións que forman a *Coordenadora para a Prevención da Tortura* e a *Coordenadora de Apoio às Persoas Presas,* mais que será preciso complementar con outras non menos urxentes, entre elas:

- a supresión de detencións incomunicadas e privacións de liberdade en rexime de isolamento, por seren estes os espazos en que se producen con maior frecuéncia torturas e que, de por si, "polas condicións materiais de reclusión e, en especial, a deprivación sensorial que sofren estas persoas internas, estarian en contradición con métodos de tratamento penitenciário dirixidos a sua readaptación e poderian ser considerados tratamentos proibidos no artigo 16 da Convención" (Apartado 11.d das *Conclusións e Recomendacións do Comité contra a Tortura* da ONU de 19 de Novembro de 2002).
- a asimilación da vítima de torturas privada de liberdade con a persoa detida ilegalmente toda vez que aquela sofre unha situación ilegal. Sendo pois de aplicación as garantias previstas para o procedimento do *habeas corpus*, asi como outras adicionais, tais como a tomada de declaración con asisténcia letrada e recoñecimento médico imediato por facultativos de libre eleición da persoa detida, con intervención activa do Fiscal. Entretanto non se produz esta asimilación, os interrogatórios deverán ser gravados na íntegra.
- a imediata excarcelación das persoas doentes graves e incuráveis sen se teren en conta factores reximentais. É cruel, e contrário a toda razón, que o ano pasado 31 persoas fosen obrigadas a pasar os seus últimos dias e falecer nas prisións españolas vítimas de VIH/SIDA.

A CAMPAÑA EN PORTUGAL

Como xa tivemos ocación de comentar en números anteriores, en Portugal "um grupo de organizaçoes solidárias com a iniciativa internacional para obter dos respectivos Estados a subscrição do Protocolo Adicional do Tratado da ONU contra a tortura, para que este possa entrar em vigor, juntou-se para participar e organizar a parte portuguesa, que culminará, no dia Internacional contra a Tortura – 26 de Junho de 2005. A acção pública prevista realizar-se-á na véspera, dia 25."

Ao igual que a Coordenadora galega e a Coordenadora estatal en que esta se integra, as organizacións portuguesas entenden que "o resultado esperado – a subscrição por parte

do governo português do protocolo adicional – deverá preparar o campo para a sua realização prática – a institucionalização de procedimentos preventivos regulares levados a cabo por representantes portugueses em cumprimento do estabelecido no diploma em causa".

Nestes momentos, a Coordenadora portuguesa está formada polas seguintes organizacións: *Associaçao Contra a Exclusao e pelo Desenvolvimento* (ACED), *Colectivo de Voluntári@s do Indymedia Portugal, Sociofonia-Informaçao por outros meios, Colectivo Múmia Abul-Jamal, Unidos de Cabo Verde* e *Opus Gay*.

Mais información: http://www.sociofonia.net

ACTO EN OURENSE

No dia 13 de Abril celebrou-se en Ourense, no café cultural AURIENSE, un acto organizado pola Comisión de Denúncia da Galiza en que, sob o titulo "Iniciativas sociais contra a tortura", participaron representantes da Coordenadora para a Prevención da Tortura, da Comisión de Asesoramento Xurídico-Penitenciário do Coléxio de Advogados de Ourense e da própria asociación organizadora.

O representante da *Coordenadora*, despois de referir-se à sólida documentación que avala a prática da tortura en cárceres e comisarias do estado español, a vulneración continuada dos direitos das persoas presas e as formas de tortura nomativizada, pasou a descrever as actividades da Coordenadora, encamiñadas –afirmou- a abrir estes espazos até agora opacos ao controlo da sociedade.

Pola *Comisión de Denúncia* interveu un representante de KOMUNAL (Recurso Comunitário contra a Exclusom Social) que subliñou as deficientes condicións sanitárias das cadeas e a pésima atención médica que nelas se proporciona as persoas, situación que as converte en cidadás de segunda. A este sistema inxusto enfrentan-se movimentos sociais como a Comisión de Denúncia da Galiza, composta por vários colectivos. Finalizou a sua intervención facendo referéncia ao xuízo contra funcionários

de Monterroso acusados de torturar o interno Magdare Rabay e as actuacións sociais en torno a este xuizo.

A representante da Comisión de Asesoramento Xurídico Penitenciário do Coléxio de Advogados de Ourense explicou a xénese desta comisión, que presta asisténcia xurídica gratuita, no ámbito penitenciário, às persoas presas por non teren estas recoñecido tal direito na lexislación. A seguir contrapuxo os supostos fins reinsertadores legais e constituicionais con a realidade das cadeias , salientando a crueldade do rexime fechado para as persoas presas en primeiro grau e lamentando a inexisténcia de outras comisións análogas no resto de Galiza.

Despois de comentar váris casos concretos de que a Comisión ourensana tivo coñecimento desde o ano 1999, pasou-se ao colóquio que xirou, entre outros, en torno às actuacións policiais e o sistema de defensa xurídica dos presos noutras lexislacións.

BIBLIOTECA

Para alén dos dous importantes traballos xa citados (*The Emergence of a Global Structure for Mass Registration and Surveillance, La tortura en el estado español 2004*), recomendamos os seguintes boletins, estudos e relatórios:

O *Informe 2004* do *Movemento polos Dereitos Civis*, en que se fai o balanzo do acontecido na Galiza en matéria de direitos e liberdades durante o pasado ano. O relatório dos feitos acompaña-se de algunhas reflexións sobre os direitos linguísticos no ámbito da xustiza, a involución democrática na europa ou o papel da cidadania. Tamén se tratan asuntos como a opacidade informativa dos governos galego e español e a política de contratación de persoal na Xunta de Galicia que califican de “nepótica.”

O número 2 do vol. 15 da publicación bimestal de Statewatch (monitoring the state and civil liberties in the UK and Europe), correspondente aos meses de Marzo e Abril 2005. Como é costume, o boletin oferece unha panorámica ampla da situación dos direitos e liberdades no espazo europeu en diferentes ámbitos (imigración, lexislación, liberdades públicas, racismo e fascismo, políticas policiais e militares, seguranza e intelixéncia, prisións, etc.) xunto a artigos de reflexión sobre temas escaldantes da nosa vida social (Alemaña: Nova Lei de Imigración, Xornalismo, liberdades públicas e a guerra contra o terrorismo, Campaña Internacoinal contra a Vixiláncia Masiva, Misión en Libia da Comisión Europea: a exportación da fortaleza europea).

Relatório anual de Amnistia Internacional (2004), onde se pasa revista à situación en 149 países, salientando-se a ineficácia das medidas tomadas por governos e organismos internacionais para pór fin às violacións de direitos humanos e a duplicidade con que actuan os estados mais poderosos do planeta, particularmente os EE.UU., que redefinen a noción de tortura para poder aplicá-la nos que AI chama "novos gulags" (Guantánamo, Abu Ghraib, Bagran, etc.). Recorda-se asi mesmo que no Estado Español a Lei Orgánica 15/2003 ampliou ainda mais o período legal de incomunicación, tan reiteradamente denunciado por asociacións e organismos internacionais.

*Journalism, civil liberties and the war on terrorism***.** Relatório de 64 páxinas, editado pola Federación Internacional de Xornalistas e Statewatch, que inclui análise dos últimos desenvolvimentos políticos asi como unha panorámica da situación da liberdade de prensa en 20 países de África, Ásia, Europa, América Latina, Oriente Médio e os USA.

Organización de campañas a favor da liberdade de expresión. Manual publicado pola IFEX (*International Freedom Expresion eXchange)* que inclui a descrición de recursos, materiais de consulta e unha ampla gama de técnicas asi como o estudo de casos práticos e un guia para o deseño de campañas. O texto, apresentado na conferéncia da UNESCO celebrada en Dacar con motivo do dia da Liberdade de Prensa (3 de Maio) está disponível en inglés, francés e español.

Still at Risk. Diplomatic Assurances don't safeguard against torture. Relatório de *Human Rights Watch* sobre a prática, cada vez mais estendida, dos governos europeus e

norte-americanos (EE.UU. e Canadá) de entregaren persoas suspeitosas de algun tipo de relación con grupos armados a países en que se pratica a tortura. “Os governos que se xustifican alegando garantias diplomáticas saben perfeitamente que estas garantias non protexen contra a tortura... mais, contra o terror, parece-lles unha solución prática. Só a presión pública en Europa e Norte América poderá frear esta tendéncia escandalosa”. Kenneth Roth, Director Executivo de *Human Rights Watch*

.

Mortes baixo custódia. Relatório publicado pola *Coordenadora de Solidariedade con as Persoas Presas (CSPP)* que oferece un balanzo estremecedor: mais de 260 persoas mortas nos cárceres do estado entre 2001 e 2004 (12 en cárceres galegos). O estudo analisa as diferentes causas de morte (doenza, sobredose, suicidio...), os lugares en que estas aconteceron (comisarias, cárceres, ...) e as condicións que propician este elevado número de mortes (pésima asisténcia sanitária, abusos, dureza do rexime a que son submetidos os presos FIES, etc.).

Tortura en Euskal Herria. Relatório anual de *Torturaren Aurkako Taldea* que documenta mais unha vez as numerosas denúncias por torturas apresentadas por persoas abertzales. Inclui, entre outros documentos, os testemuños de 29 persoas, a descrición verbal e gráfica de alguns dos métodos de tortura mais cruéis e mais frecuentemente denunciados, as recomendacións de numerosos organismos internacionais e unha interesante “Cronologia” que nos permite contrastar a atitude das instituicións españolas con a destes organismos e asociacións internacionais que insisten en afirmar que no Estado Español non se toman as medidas adecuadas para acabar con a impunidade dos torturadores.